

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, Augas de Galicia, a Autoridade Portuaria de A Coruña, Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A e o Concello de Arteixo para o financiamento da execución da actuación de emerxencia “Novo colector interceptor Suevos-Bens. Arteixo (A Coruña)”

1. Antecedentes

O Concello de Arteixo ten atribuídas competencias en materia de saneamento en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

A Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde, entre outros, o exercicio de funcións en materia de apoio xeral ao sector empresarial, fomentando a mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e na innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización; e de promoción industrial, solo empresarial, administración e seguridade industrial.

A Autoridade Portuaria de A Coruña é o organismo público ao que, en relación co Porto Exterior de A Coruña, lle corresponden entre outras competencias, a prestación dos servizos xerais, a xestión e control dos servizos portuarios para lograr que se desenvolvan en condicións óptimas de eficacia, economía, produtividade e seguridade; a planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto; e o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario.

Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A (en adiante Xestur) é unha sociedade anónima constituída o 23 de decembro de 2013 que ten, entre outros, os seguintes fins: elaboración de estudos urbanísticos, incluíndo a redacción de plans de ordenación e proxectos de urbanización, así como a iniciativa para a súa tramitación e aprobación; e desenvolvemento da actividade urbanizadora, que comprende tanto a promoción e preparación do solo, a renovación ou remodelación urbana, a realización de obras de infraestrutura urbana ou a dotación de servizos para a execución dos plans de ordenación.

A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu



estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxectivo deste convenio de colaboración é establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Autoridade Portuaria de A Coruña, Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A e o Concello de Arteixo que permitan definir as condicións de financiamento da execución da actuación declarada de emerxencia polo Concello de Arteixo "Novo colector interceptor Suevos-Bens. Arteixo (A Coruña)" e na que Augas de Galicia realizará as funcións de órgano de contratación.

3. Necesidade de colaboración e razón de oportunidade

O interceptor de Suevos, que transporta a meirande parte da auga residual que procede do termo municipal de Arteixo, vén sufrindo importantes reboses que verten ao mar dende os talúdes existentes.

Esta situación provoca un risco crítico para a infraestrutura viaria que discorre paralela á liña da costa así como un risco grave de contaminación desta. Así se recolle no informe do técnico municipal do 19 de marzo de 2025.

Así, a grave situación xerada polos efectos dos vertidos sobre o terreo motivou distintas actuacións polo concello para intentar resolver a situación de desestabilización dos talúdes afectados polo rebose das augas residuais, se ben continúan a producirse fisuras no terreo, manténdose o risco crítico de colapso grave e inminente do resto dos talúdes sobre os que non se puido actuar.

Por motivos de seguridade, o vial de acceso ao parque empresarial de Suevos atópase cortado ao tráfico rodado e peonil. Habilitáronse desvíos provisionais moi precarios, con grandes problemas de capacidade e interferencias co tráfico peonil, ao tratarse de viais sen beirarrúas nin sendas peonís.

Ante a gravidade da situación descrita, o Organismo público Xestur encomendou á entidade APPLUS a emisión dun informe sobre as causas do dito desbordamento, así como as actuacións a realizar para a súa resolución, subscrito en decembro de 2024.

O dito informe concluíu que os reboses do desarenador son consecuencia directa da falta de capacidade do colector que comunica o desarenador de Suevos có sifón de Bens e que a solución pasa por incrementar a capacidade de transporte do interceptor de Suevos no tramo que comunica o desarenador e o sifón de Bens, así como o tramo que comunica a descarga do sifón



de Bens coa estación depuradora de auga residual de Bens na forma descrita na proposta de declaración de emerxencia de actuacións extraordinarias para evitar os reboses do sistema unitario no desarenador de Suevos (Arteixo).

Polos motivos expostos, o Concello de Arteixo decidiu declarar a emerxencia das obras de execución do novo colector interceptor Suevos-Bens, nos termos municipais de Arteixo e a Coruña habida conta da situación de grave perigo sobrevida cos desbordamentos do sistema.

Por outra banda, a execución da actuación obxecto deste convenio tamén posibilitará a condución das augas residuais que se xeren no Porto Exterior de A Coruña co sistema de saneamento de Arteixo cara a estación depuradora de augas residuais de Bens.

Ambas actuacións son complementarias e por ese motivo se considerou necesario e xustificado a subscripción dun Protocolo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, Augas de Galicia, a Autoridade Portuaria de A Coruña, Xestur, S.A e o Concello de Arteixo para mellorar o sistema de saneamento municipal na zona de Suevos (Arteixo).

Ante esta situación, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación.

Neste sentido, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da mencionada Lei.

4. Estimación de custos e financiamento

A obra obxecto deste convenio será financiada da seguinte forma:

	Consellería de Economía e Industria	Xestur S.A.	Autoridade Portuaria de A Coruña	Concello de Arteixo	Importe total
2025	1.065.767,48 €	14.232,52 €	300.000,00 €	173.700,00 €	1.553.700,00 €
2026	0,00 €	720.000,00 €	218.000,00 €	220.100,00 €	1.158.100,00 €
Total	1.065.767,48 €	734.232,52 €	518.000,00 €	393.800,00 €	2.711.800,00 €

A dotación de crédito financiada pola Consellería de Economía e Industria, de conformidade co artigo 64.1.g do Decreto Lexislativo 1/1999, terá a consideración de crédito ampliable na aplicación da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático 06.01.542A.740.01 desde a que se realizan transferencias de capital á EPE Augas de Galicia.

Xestur, S.A., a Autoridade Portuaria de A Coruña e o concello de Arteixo comprométense a realizar as súas achegas de conformidade ao ritmo de execución certificado pola EPE Augas de Galicia, que actuará como órgano de contratación das obras obxecto do convenio.

En todo caso, as achegas das partes axustaranse ao ritmo de execución das actuacións conveniadas, comprometéndose Augas de Galicia, ao final de cada exercicio, a remitir ás partes a



documentación xustificativa do gasto efectuado que incluíra as certificacións e os xustificantes de pagamento

Xestur, S.A., a Autoridade Portuaria de A Coruña e o concello de Arteixo deberán recoñecer a súa obriga con Augas de Galicia de acordo co ritmo de execución de gasto certificado, dispoñendo dun prazo de tres meses desde a recepción da notificación da documentación xustificativa para efectuar o pago da anualidade.

A subscrición do convenio de colaboración non supón a asunción de obrigas económicas para Augas de Galicia.

Consonte ao disposto no artigo 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público o convenio contribúe a mellorar a eficiencia da xestión pública, a facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos e á realización de actividades de utilidade pública.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón

